

PREGUNTA DE AER SOBRE O PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS

PLENO 27 OUTUBRO 2016. ACTA 0018/2016

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, e o alcalde de Redondela, Javier Bas, asinaron o 8 de xullo o convenio para a adhesión do Concello de Redondela ao 'Programa de Vivendas Baleiras' da Xunta.

A raíz deste convenio en Redondela tense que elaborar un censo de vivendas baleiras, así como un procedemento de selección de arrendatarios. Máis de 3 meses despois da sinatura deste convenio e ante a falta de información por parte do equipo de goberno, preguntamos:

Canto se ten avanzado na elaboración do censo de vivendas baleiras, no procedemento de selección de arrendatarios e que data estiman para a posta en funcionamento deste programa?

A concelleira AMOEDO DASILVA di que no convenio asinado se fala dunha comisión de coordinación cuxa constitución resultou retrasada ata o nomeamento do novo goberno. Non pode por datas.